



ANUNCIO INDICATIVO DA PETICIÓN AO SERVIZO PÚBLICO DE EMPREGO DE VILAGARCÍA DE AROUSA DE OFERTA DE EMPREGO.

Anúnciase, de conformidade co disposto no artigo 13.2 da Lei 3/2004, de 7 de xuño, de creación do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (INTECMAR), que con esta data, solicitóuse ao Servizo Público de Emprego en Vilagarcía de Arousa, a remisión de tres candidatos para a seguinte oferta de emprego:

- Contratación para a realización dun proxecto específico de investigación científica e técnica vinculado ao proxecto “ARCOPOL Platform” (Código 2013-1/252, Espacio Atlántico).

Grupo	Categoría	Titulación requerida	Nº de prazas	Requisitos indispensables
	10	Titulado/a superior biólogo/a	1	<p>1) Acreditación de coñecemento do idioma galego: Celga 4, título de perfeccionamento do idioma galego ou estudos equivalentes debidamente homologados polo órgano competente en materia lingüística da Xunta de Galicia.</p> <p>2) Manexo de modelos numéricos para a predición do transporte de sustancias no medio mariño. Curso de 25 horas ou mais, ou titulación con materias nesta actividade, organizado e impartido directamente pola Escola Galega de Administración Pública, Fegas, Academia Galega de Seguridade Pública, INAP, escolas oficiais de formación das restantes comunidades autónomas, universidades, Servizo Público de Empleo Estatal, Dirección Xeral de Emprego e Formación da Consellería de Traballo, cursos de formación continua do AFCAP.</p>





- O prazo de presentación de solicitudes será de dez días naturais e o seu cómputo iniciarase o día seguinte ao da publicación destas bases nos taboleiros de anuncios e na Web do INTECMAR.

Vilaxoan, 3 de xuño de 2014

A directora do Intecmar



M^a Covadonga Salgado Blanco



RESOLUCIÓN DO INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARIÑO DE GALICIA (INTECMAR), DO 03 DE XUÑO DO 2014, POLA QUE SE CONVOCA PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE PERSOAL LABORAL PARA , POR OBRA OU SERVIZO DETERMINADO, PARA A REALIZACIÓN DUN PROXECTO DE INVESTIGACIÓN CIENTÍFICA E TÉCNICA, DUN/DUNHA TITULADO/A SUPERIOR BIÓLOGO/A PARA A OBRA: “ARCOPOL Platform” (Proxecto 2013-1/252 Espacio Atlántico).

No uso das facultades conferidas no artigo 8.2 da Lei 3/2004, de 7 de xuño, de creación do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (INTECMAR), e de conformidade co disposto no artigo 13.2 da dita Lei, esta Dirección acorda convocar o proceso selectivo para a contratación temporal, na modalidade de obra ou servizo determinado, para a realización dun proxecto específico de investigación científica e técnica, dun/dunha titulado/a superior biólogo/a (Grupo I, Categoría 10) vinculada ao proxecto “*ARCOPOL Platform*”, código 2013-1/252, subvencionado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) a través do Programa Operativo de Cooperación Espacio Atlántico, con suxección ás seguintes:

BASES DA CONVOCATORIA

PRIMEIRA.- Normas xerais

1.1.- Convócase proceso selectivo para a contratación na modalidade de obra ou servizo determinado dun/dunha titulado/a superior biólogo/a (Grupo I, Categoría 10) vinculada ao proxecto “*ARCOPOL Platform*”, código 2013-1/252, subvencionado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) a través do Programa Operativo de Cooperación Espacio Atlántico:





Grupo	Categoría	Titulación requerida	Nº de prazas	Duración do contrato	Requisitos indispensables
I	10	Titulado/a superior biólogo/a	1	12 meses	<p>1) Acreditación de coñecemento do idioma galego: Celga 4, título de perfeccionamento do idioma galego ou estudos equivalentes debidamente homologados polo órgano competente en materia lingüística da Xunta de Galicia.</p> <p>2) Manexo de modelos numéricos para a predición do transporte de sustancias no medio mariño. Curso de 25 horas ou mais, ou titulación con materias nesta actividade, organizado e impartido directamente pola Escola Galega de Administración Pública, Fegas, Academia Galega de Seguridade Pública, INAP, escolas oficiais de formación das restantes comunidades autónomas, universidades, Servizo Público de Empleo Estatal, Dirección Xeral de Emprego e Formación da Consellería de Traballo, cursos de formación continua do AFCAP.</p>

A xornada de traballo e retribucións serán as establecidas no V Convenio Colectivo Único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, por ser o de aplicación segundo a Disposición transitoria quinta da Lei 3/2004, do 7 de xuño, de creación do INTECMAR.

O contrato terá unha duración máxima de 12 meses a partir do 1 de xullo do 2014.

DE ASÍS A COMPOSTELA.
800
2014-2015
1214.2014

1.2.- Baixo a supervisión e coordinación dos/das responsables do proxecto de investigación, serán os/as encargados/as das actividades que vai desenvolver o INTECMAR dentro deste proxecto nos anos 2014 e 2015 que son as seguintes:

- Actividade 3: Capitalización dos resultados do proxecto ARCOPEL Plus nos plans de continxencia locais e rexional. Planificación e desenvolvemento de exercicios de adestramento e proba no mar. Análises de risco de vertidos mariños accidentais nas zonas con algunha figura de protección ambiental.
- Actividade 4: Capitalización dos resultados dos proxectos ARCOPEL Plus e ARCOPEL na preparación dos vertidos mariños de sustancias nocivas potencialmente perigosas. Selección dos materiais a integrar nos plans de continxencia locais e rexional.
- Actividade 5: Capitalización dos resultados dos proxectos ARCOPEL Plus e ARCOPEL nos sistemas e tecnoloxías de detección, monitorización e predición de vertidos mariños accidentais. Desenvolvemento de protocolos dos sistemas de modelado oceanográfico da deriva de vertidos mariños accidentais para a súa integración nos plans locais e rexionais. Desenvolvemento de exercicios de adestramento e teste de ferramentas de seguimento de vertidos mariños accidentais.
- Actividade 7: Capitalización dos resultados dos proxectos ARCOPEL Plus e ARCOPEL na materia de ferramentas de adestramento e concienciación na preparación ante vertidos mariños accidentais.
- Actividades 1 a 8: Apoyo nos labores de desenvolvemento dos grupo de traballo.

1.3.- O procedemento de selección será o de concurso dos méritos relacionados ca praza complementado cunha entrevista persoal, para o que se aplicará o baremo que se acompaña como anexo II desta convocatoria.

1.4.- O INTECMAR asinará coa persoa seleccionada un contrato de traballo temporal vinculado á realización dun proxecto específico de investigación científica e técnica, segundo as prescricións dos artigos 15 e 17 do Estatuto dos Traballadores, ao abeiro do Real Decreto 2720/1998, do 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada, e demais lexislación vixente que resulte de aplicación.

1.5.- A persoa contratada estará sometida ao réxime xeral de incompatibilidades establecido na Lei 53/1984, do 26 de decembro, e disposicións complementarias.

SEGUNDA.- Requisitos dos/as aspirantes

2.1.- Para ser admitidos/as no proceso de selección, os/as aspirantes deberán posuír na data de remate do prazo de presentación de solicitudes e manter ata o momento da formalización do contrato de traballo, os seguintes requisitos:



2.1.1.- Nacionalidade:

- a) Ter a nacionalidade española.
- b) Ou ser nacional dos Estados membros da Unión Europea.
- c) Ou calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuge dos españois e dos nacionais de outros Estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións, poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuge, menores de vinte e un anos que vivan ao seu cargo ou maiores de dita idade dependentes.
- d) Ou as persoas incluídas no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.
- e) Ou os estranxeiros/as que non estando incluídos nos parágrafos anteriores se atopen con residencia legal en España.

2.1.2.- Capacidad legal: ter cumplidos os dezaseis anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

2.1.3.- Acreditación de coñecemento do idioma galego: acreditación do Celga 4, título de perfeccionamento do idioma galego ou estudos equivalentes debidamente homologados polo órgano competente en materia lingüística da Xunta de Galicia.

2.1.4.- Compatibilidade funcional: posuér a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.

2.1.5.- Habilitación: non estar inhabilitado/a para o desempeño de funcións públicas, nin separado/a mediante expediente disciplinario de calquera das administracións públicas. Os/As aspirantes que non teñan a nacionalidade española deberán acreditar que non están sometidos/as a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu Estado, o acceso ao emprego público.

2.1.6.- Titulación: estar en posesión, ou en condicións de obter na data de remate do prazo de presentación de solicitudes, a titulación académica sinalada no cadre da base 1.1. Os aspirantes con titulacións obtidas no estranxeiro deberán acreditar que están en posesión da correspondente convalidación ou credencial que acredite, no seu caso, a homologación do título. Este requisito non será de aplicación aos aspirantes que obtiveran o recoñecemento da súa cualificación profesional, no ámbito das profesións reguladas, ao abeiro das disposicións de Dereito da Unión Europea.

2.1.7.- Estar en posesión, ou en condicións de obter na data de remate do prazo de presentación de solicitudes, os méritos para o cumprimento dos requisitos indispensables sinalados no cadre da base 1.1.

TERCEIRA.- Presentación de instancias



3.1.- Ademais dos/das posíbeis candidatos/as seleccionados/as polo Servizo Público de Emprego, aquelas persoas que desexaran tomar parte no proceso selectivo, deberán dirixir as súas solicitudes de participación ao INTECMAR, sito no Peirao de Vilaxoán,

s/n., en Vilagarcía de Arousa, en horas de oficina de 09:00 a 14:00 (de luns a venres). Información tamén disponible na Web do INTECMAR: www.intecmar.org.

As solicitudes deberán presentarse preferentemente nas dependencias e horario expresados no parágrafo anterior, segundo o modelo de instancia do anexo I, debidamente asinada polo interesado/a, xunto coa copia compulsada do DNI e da documentación acreditativa de cumplir os requisitos esixidos nas bases 2.1.3 e 2.1.6, así como dos méritos alegados para o cumprimento dos requisitos esixidos na base 2.1.7 e para ser valorados segundo o baremo do anexo II desta convocatoria. Os méritos alegados deberán referirse á data de remate do prazo de presentación de solicitudes.

Tamén poderán presentarse na forma establecida no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; neste caso, o/a aspirante deberá notificar o envío da documentación mediante teléfono (986512320/22) ou Fax (986512300) no mesmo día, e en horario de 09:00 a 14:00 (de luns a venres).

3.2.- O prazo de presentación de solicitudes será de dez días naturais e o seu cómputo iniciarase o día seguinte ao da publicación destas bases nos taboleiros de anuncios e na Web do INTECMAR.

3.3.- Expirado o prazo de presentación de solicitudes, exporase no taboleiro de anuncios e na Web do INTECMAR a listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as, así como as causas da súa exclusión. Os/as aspirantes excluídos/as disporán dun prazo de 5 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución, para poderen emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a súa exclusión. Para tal efecto, a estimación ou desestimación das ditas peticóns de emendas entenderanse implícitas na resolución pola que se publique a listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as.

CUARTA.- Tribunal de selección

4.1.- O tribunal de selección será nomeado pola Dirección do INTECMAR, conforme ao previsto no artigo 11 do vixente Convenio Colectivo Único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, e ao previsto nas Instruccións do 11 de abril de 2007 relativas ao funcionamento e actuación dos tribunais de selección e que foron modificadas e ampliadas polo acordo do Consello da Xunta de Galicia do 8 de abril de 2010, que establecen no punto 2 do artigo 4 que ningún membro do tribunal poderá pertencer a un grupo profesional inferior ao grupo que é obxecto do proceso selectivo.

4.2.- A composición do tribunal farase pública nos taboleiros de anuncios da Dirección e na Web do INTECMAR.

4.3.- Os/As membros do tribunal deberanse absterse de formar parte del e poderán ser recusados/as, cando concorran as circunstancias previstas no artigo 5 das Instruccións do 11 de abril de 2007 relativas ao funcionamento e actuación dos tribunais de selección modificadas e ampliadas polo acuerdo do Consello da Xunta de Galicia do 8 de abril de

DE ASÍS A COMPOSTELA.
800
2014-2015
1214.2014



2010, e nos artigos 28.2 e 29 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4.4.- O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de, polo menos, a metade máis un/unha dos/das seus membros. As decisións adoptaranse por maioría dos/das presentes.

4.5.- O tribunal, non poderá declarar que superou o proceso selectivo un número superior de aspirantes ao de prazas ofertadas.

4.6.- O tribunal poderá dispor a incorporación aos seus traballos de asesores/as especialistas para todas ou algunhas das probas.

QUINTA.- Cualificación dos/das aspirantes

5.1.- Primeira fase do proceso selectivo: Baremación de méritos dos/das aspirantes
Unha vez publicada polo tribunal a listaxe definitiva segundo o exposto na base 3.3 desta convocatoria, valoraranse polo tribunal os méritos alegados polos/as aspirantes conforme ao baremo establecido no anexo II, apartado 1 e 2. O tribunal fará pública, nos taboleiros de anuncios do INTECMAR, a listaxe coa baremación provisional dos/das aspirantes, con expresión da puntuación obtida nunha orde decrecente de maior a menor puntuación.

Poderanse formular alegacións contra a baremación da listaxe provisional, nun prazo de 5 días hábiles, contado a partir do seguinte ao da súa publicación.

O tribunal cualificador, se é o caso, e para os solos efectos de aclarar posibles dúbidas sobre a documentación achegada, poderá requirir a presenza dos/das aspirantes que considere oportuno.

Transcorrido o prazo de alegacións, á vista das reclamacións presentadas e realizadas, de ser o caso, as oportunas correccións á baremación inicialmente asignada a cada aspirante, o tribunal procederá á baremación definitiva, que será elevada á directora do INTECMAR para que dite resolución coas puntuacións definitivas dos/das aspirantes, que será publicada polos mesmos medios que a listaxe provisional.

Esixirse un **mínimo de 7 puntos** na fase de baremación para pasar a segunda fase do proceso.

5.2.- Segunda fase do proceso selectivo: Entrevista persoal aos/ás aspirantes

A segunda fase do proceso selectivo consistirá nunha entrevista persoal para valorar o grado de adecuación dos/as aspirantes.

Para a realización da entrevista disporase dun tempo máximo de dez minutos. A entrevista cualificarse de 0 a 1,5 puntos.





O tribunal cualificador fará público, nos taboleiros de anuncios e na Web do INTECMAR, o lugar e día de realización da mesma. Nesta fase valoraranse as cuestións relativas a experiencia profesional do candidato, os seus coñecementos na área da contaminación mariña accidental e na participación de proxectos europeos e internacionais así como as súas aptitudes persoais para o bo desempeño da praza.

A entrevista valorarase de acordo co expresado no Anexo II, apartado 3. Os/As convocados/as a esta fase deberán presentarse no lugar indicado co orixinal do DNI, permiso de conducir ou, no seu defecto, pasaporte.

O tribunal fará pública, nos taboleiros de anuncios e na Web do INTECMAR, a listaxe coa Puntuación global provisional dos/das aspirantes, con expresión da puntuación obtida nunha orde decrecente de maior a menor puntuación.

Poderanse formular alegacións contra a puntuación global da listaxe provisional, nun prazo de 5 días hábiles, contado a partir do seguinte ao da súa publicación.

Transcorrido o prazo de alegacións, á vista das reclamacións presentadas e realizadas, de ser o caso, as oportunas correccións á puntuación global inicialmente asignada a cada aspirante, o tribunal procederá á puntuación global definitiva, que será elevada á directora do INTECMAR para que dite resolución coas puntuacións definitivas dos/das aspirantes, que será publicada polos mesmos medios que a listaxe provisional.

5.3.- O/A primeiro/a aspirante da listaxe definitiva publicada será o/a candidato/a seleccionado/a para a cobertura da praza obxecto desta convocatoria, e deberá presentar no prazo dos tres días hábiles seguintes á data na que se faga pública a listaxe definitiva, a seguinte documentación:

- a) Certificado médico oficial no que se acrediten os extremos sinalados na base 2.1.4.
- b) Declaración, baixo a súa responsabilidade, de non ter sido separado/a do servizo de ningunha Administración Pública en virtude de expediente disciplinario nin encontrarse inhabilitado/a por sentencia firme para o exercicio de funcións públicas.

5.4.- Se o candidato/a seleccionado/a non presentase a documentación no prazo establecido, ou presentase a súa renuncia á contratación (que se fará mediante solicitude expresa no mesmo prazo sinalado no punto anterior), resultará automaticamente seleccionado/a o/a seguinte aspirante segundo a orde de prelación da lista, que deberá presentar, nun novo prazo de tres días dende o remate do anterior, a documentación sinalada no punto 5.3.

5.4.- Logo de seleccionado/a o/a candidato/a e presentada a súa documentación, segundo o establecido nos puntos anteriores e comprobado o cumprimento dos requisitos esixidos, procederase á formalización da contratación obxecto desta convocatoria.

DE ASÍS A COMPOSTELA
800 29W100C314
1214.2014.



SEXTA.- Recursos administrativos

As bases desta convocatoria e cantes actos administrativos se deriven dela, co carácter de definitivos ou de trámite cualificados, poderán ser impugnados no prazo e na forma establecidos nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Vilaxoán, 03 de Xuño de 2014

A directora do Intecmar



M^a Covadonga Salgado Blanco



ANEXO I

**SOLICITUDE DE ADMISIÓN Á CONVOCATORIA PARA A COBERTURA DE
POSTOS DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL, POR OBRA OU SERVIZO
DETERMINADO, DO INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO
MEDIO MARIÑO DE GALICIA (INTECMAR)**

Nº DE SOLICITUDE: _____

A cubrir polo INTECMAR

GRUPO:	CATEGORÍA :	TITULACIÓN:
.....

DATA DA RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA:

DATOS PERSONAIS

PRIMEIRO APELIDO.....

SEGUNDO APELIDO.....

NOME.....

NIF.....

DATA DE NACIMENTO: DÍA..... MES..... ANO.....

LOCALIDADE DE NACIMENTO.....

PROVINCIA..... NACIONALIDADE.....

ENDEREZO.....

CONCELLO..... CÓDIGO POSTAL.....

PROVINCIA..... TELÉFONO.....

TITULACIÓN ACADÉMICA.....

CENTRO DE EXPEDICIÓN.....

LOCALIDADE.....

A persoa abaixo asinante, solicita ser admitida nas probas selectivas ás que se refire esta instancia, e DECLARA baixo a súa responsabilidade, que son certos os datos consignados nela, que reúne os requisitos obligatorios sinalados na convocatoria, e que se compromete a probar documentalmente os datos que figuren nesta solicitude.

En , a de do 2014

Asdo:





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
E DO MAR

galicia



De acordo co establecido na Lei orgánica 15/1999, informámoslle que os seus Datos de Carácter Persoal incorporados neste documento pasarán a formar parte dun ficheiro, cuxo responsable é INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARIÑO DE GALICIA con domicilio social: Peirao de Vilaxoán s/n, 36.611 - Vilagarcía de Arousa (Pontevedra). A finalidade deste ficheiro é a xestión de currículums por posibles incorporacións de persoal. Así mesmo, informámoslle que poderá exercitar en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e, no seu caso, o de oposición, dirixíndose por escrito a INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARIÑO DE GALICIA á dirección arriba indicada.

DIRECTORA DO INTECMAR



ANEXO II

BAREMO PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL

A puntuación máxima será de **15 puntos**, más **1,5 puntos** como máximo da **entrevista persoal**.

1.Experiencia Profesional Acreditada:

- a) Por cada mes de servizos prestados na Xunta de Galicia ou noutras administracións públicas **na mesma categoría á que se pretende acceder**: 0,15 puntos/mes.
- b) Por cada mes de servizos prestados nas empresas privadas **na mesma categoría e referidos aos últimos 5 anos**: 0,05 puntos/mes.

A suma da puntuación dos apartados a) e b) non poderá exceder de **8 puntos**.

2. Formación e outros méritos:

- a) Por cada curso **directamente relacionado coas funcións propias da praza á que se opta segundo a relación da base Primeira**, apartado 1.2, organizado e impartido directamente pola Escola Galega de Administración Pública, Fegas, Academia Galega de Seguridade Pública, INAP, escolas oficiais de formación das restantes comunidades autónomas, universidades, Servizo Público de Empleo Estatal, Dirección Xeral de Emprego e Formación da Consellería de Traballo ou cursos de formación continua do AFCAP, e tendo en conta que non se valorarán os cursos alegados como requisito indispensable:

- Cursos de ata 25 horas: 0,1 puntos.
- Cursos de máis de 25 horas e menos de 75 horas: 0,2 puntos.
- Cursos de 75 horas ou máis: 0,3 puntos.

A máxima puntuación do apartado a) non superará os **2 puntos**.

- b) Outros méritos relacionados co perfil da praza:

- Participación en proxectos en el ámbito da Oceanografía operacional: 1 punto por proxecto.
- Participación en proxectos relacionados coa loita contra a contaminación mariña accidental: 1 punto por proxecto.

A máxima puntuación do apartado b) non superará os **5 puntos**.

3. Entrevista:

Na entrevista valoraranse ata un máximo de **1,5 puntos** as cuestións relativas a experiencia profesional do candidato, os seus coñecementos na área da contaminación mariña accidental e participación en proxectos europeos e internacionais así como as

DE ASIS & COMP_ETE LA
DIFC 800
29/10/04
1314.2014



súas aptitudes persoais para o bo desempeño da praza e poderá versar sobre os seguintes aspectos:

- Planificación e desenvolvemento de exercicios de adestramento e probas no mar. Análises de risco de vertidos mariños accidentais nas zonas con algunha figura de protección ambiental.
- Preparación ante vertidos mariños de sustancias nocivas potencialmente perigosas. Selección dos materiais a integrar nos plans de continxencia locais e rexional.
- Sistemas e tecnoloxías de detección, monitorización e predición de vertidos mariños accidentais. Desenvolvemento de protocolos dos sistemas de modelado oceanográfico da deriva de vertidos mariños accidentais para a súa integración nos plans locais e rexionais. Desenvolvemento de exercicios de adestramento e teste de ferramentas de seguimento de vertidos mariños accidentais.
- Ferramentas de adestramento e concienciación na preparación ante vertidos mariños accidentais.
- Organización de redes de traballo multidisciplinar no ámbito do Espazo Atlántico.

4. No cadre de persoal vixente á data de inicio desta convocatoria, non existe infrarrepresentación do sexo feminino nos termos establecidos no artigo 37 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, na categoría do posto que se convoca.

De producirse empate na puntuación, acudirase para dirimilo á outorgada polos méritos alegados segundo a orde establecida neste anexo e de persistir, a favor do candidato cuxo primeiro apellido comece pola letra B, segundo o establecido pola resolución da Consellería de Facenda de 29 de xaneiro de 2014 (DOG nº 27, do 10 de febreiro).

DE ASÍS A COMPOSTELA
DCPC
800
29/01/2014
1314.2014